

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**MATEMÁTICAS**

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

CURSO 2022-2023

I.E.S. Nº 1 O CARBALLIÑO

# CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

## Avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as tres primeiras semanas do curso escolar para identificar as dificultades do alumnado e as súas necesidades de atención educativa. Terase en conta:

- O expediente académico e os informes individualizados do curso anterior do alumnado, nos que constará a competencia curricular na materia de Matemáticas, as dificultades de aprendizaxe presentadas e as medidas de atención á diversidade aplicadas, se fose o caso.
- A información dos profesores do Departamento de Matemáticas que impartiron docencia a cada alumno e alumna o curso académico anterior.
- A información sobre o entorno familiar e social que poida achegar, por unha parte, o propio alumnado e, por outra, os titores do curso anterior ou a Xefatura de Estudos.
- O seguimento diario da actitude e do rendemento do grupo.
- E unha proba final escrita sobre contidos mínimos que debería ter adquiridos o alumnado nos cursos anteriores e sobre contidos mínimos desenvolvidos no período establecido para a avaliación inicial.

### **Aspectos fundamentais a diagnosticar individualmente**

- Existencia ou non existencia de dificultades de comprensión.
- Nivel de base matemática.
- Falta de capacidade ou non.
- Existencia ou non existencia de hábito de traballo.
- Grao de interese pola materia.
- Actitude na aula (atención ás explicacións do profesor ou profesora, respecto, participación, puntualidade,...)
- Existencia ou non existencia de dificultades de expresión.
- Integración no grupo.
- Existencia ou non existencia dalgún tipo de problemática familiar que poida incidir no rendemento do alumno ou alumna.
- Existencia ou non existencia dalgún tipo de trastorno (hiperactividade, déficit de atención, síndrome de Asperger,..)

### **Aspectos fundamentais a diagnosticar globalmente en cada grupo**

- Nivel medio de partida na materia.
- Grao de homoxeneidade no nivel de partida na materia.
- Número de alumnos.
- Dinámica (atención ás explicacións do profesor ou profesora, respecto, participación, puntualidade,...).

## **Medidas**

Unha vez diagnosticadas, tanto a nivel individual como a nivel de grupo, as deficiencias existentes e as súas causas, a sesión de avaliación inicial é o marco propicio para establecer as medidas que permitan corrixir na medida do posible tales deficiencias. Algunhas destas medidas poden ser as seguintes:

### **A nivel individual:**

- Reforzo educativo impartido polo propio profesor ou profesora da materia.
- Exención da segunda lingua estranxeira e apoio fóra da aula no seu lugar por parte da profesora de Pedagogía Terapéutica.
- Atención máis individualizada na aula.
- Realización de actividades complementarias na casa para fortalecer a base matemática.
- Proposta dunha adaptación curricular.
- Entrevista cos pais para tratar de corrixir condutas non axeitadas ou para intentar crear un hábito de traballo diario.
- Cambio de grupo.

### **A nivel de grupo:**

- Realización de axustes na secuenciación dos contidos que figura na Programación Didáctica.
- Modificacións na temporalización prevista das unidades didácticas.
- Cambios na metodoloxía empregada.
- Reordenación do alumnado na aula.
- Chamada de atención por parte da Xefatura de Estudos

## **Instrumentos de avaliación**

No proceso avaliador do alumnado, empregaranse os seguintes instrumentos:

1. Observación directa da súa actitude cara a materia. Neste sentido, debemos ter en conta que unha parte moi importante da formación do alumnado pasa por adquirir hábitos de estudo e estratexias de traballo na aula que potencien o interese pola materia. Por este motivo, a actitude do alumno cara a materia ha de ser tomada en consideración á hora de cualificalo.
2. Revisión periódica do seu caderno de traballo para poder valorar, por unha parte, o seu coidado; por outra, o esforzo para ir anotando nel todo o que o profesor considere que deber ser recollido deste xeito; e por último, o grao de realización das actividades propostas.
3. Os traballos individuais relativos a certos contidos do programa.
4. Os traballos en grupo relacionados con partes moi concretas da materia. Este tipo de traballos, ao igual, contribúen a boa formación do alumnado non só porque obrigan a buscar e estruturar información, senón porque tamén conlevan o esforzo de expoñelos oralmente diante dos compañeiros e compañeiras.
5. Probas orais frecuentes, consistentes en preguntas cortas que teñen unha dobre finalidade: por unha banda, valorar o grao de asimilación dos conceptos que se van desenvolvendo; e, por outra, valorar o traballo realizado polo alumnado na materia cando está fóra do horario escolar.
6. E probas escritas dunha ou máis unidades didáctica anunciadas con anterioridade.

De todas maneiras, cada profesor ou profesora do Departamento terá liberdade para considerar outros instrumentos de avaliación e para prescindir dalgún dos indicados anteriormente se, en función das características dun determinado grupo, así o considera oportuno. En todo caso, cada profesor e profesora do departamento debe indicarlle ao seu alumnado ao comezo de curso que instrumentos de avaliación vai empregar e como pondera cada un deles á hora de cualificar.

### **Procedemento de avaliación**

Sen esquecer que a avaliación se vai facer de maneira continuada, e empregando os instrumentos establecidos ao respecto, desde o primeiro día lectivo, no seu desenvolvemento distinguiremos as seguintes fases:

1. Unha avaliación inicial, que ten fundamentalmente dous obxectivos: por unha parte, coñecer que alumnado presenta deficiencias na materia e de que tipo; e, por outra, propoñer medidas de reforzo ou de apoio para aquel alumnado que as precisen.
2. Tres avaliacións ordinarias, ao final das cales se determinará que alumnado aproba (e como aproba) a parte da materia impartida ata ese momento e que alumnado a suspende por non superar os mínimos esixibles para a súa superación.

En cada avaliación realizaranse ao menos dúas probas escritas, agás en 2º bacharelato que poderá haber só unha se o profesor así o considera, e en todas figurará a puntuación de cada pregunta. Se non figurara, sobreentenderase que todas as preguntas teñen o mesmo valor. Informarase ao alumnado das normas e criterios xerais de corrección que se aplicarán a todas as probas escritas do curso, e que son os seguintes:

- Non é necesario responder ás preguntas seguindo a orde numérica, pero deberá quedar claro cal é o exercicio que se está a facer e non intercalar respostas doutros exercicios.
  - É obrigatorio escribir con bolígrafo azul ou negro. Non se admitirán exames feitos con lapis.
  - A ausencia de explicacións na solución repercutirá negativamente na súa valoración, tendo unha puntuación de cero se só se aporta a solución numérica sen ningunha explicación. Reciprocamente, aínda que o resultado non sexa correcto, teranse en conta a presentación e desenvolvemento do problema.
3. Un programa de recuperación de cada avaliación 1ª e 2ª, que rematará cunha proba escrita cuxa data fixará cada profesor ou profesora. Esta proba determinará que alumnado recupera (e como recupera) cada avaliación e que alumnado continúa con ela suspensa por non acadar os mínimos esixibles para a súa superación.
  4. Unha avaliación final ordinaria, na cal se determinará o alumnado que promociona na materia (e como promociona), ben polo feito de amosar, avaliación a avaliación, un dominio suficiente dos distintos estándares de aprendizaxe ou ben por acreditar que alcanza os mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva nunha última proba, cuxo deseño (exame global, exame de repescas,...) será decidido libremente para cada grupo polo profesor ou profesora responsable. Ao final de curso realizarase unha proba escrita (exame) final ao que se presentarán aqueles alumnos con avaliación negativa nalgunha das avaliacións parciais e na correspondente recuperación. Os alumnos que só teñan que recuperar unha avaliación farán o exame final desa avaliación. Os que teñan que recuperar dúas ou tres avaliacións fará o exame coa materia de todo o curso.

### **Cualificación e promoción**

Convén aclarar en primeiro lugar que, na materia de Matemáticas, o dominio dunha parte do programa non implica que se domine toda a anterior. En consecuencia, a superación dunha avaliación non supón a superación de todas as anteriores, polo cal é totalmente posible que haxa casos nos que a nota final sexa inferior á nota da terceira avaliación.

En xeral, este Departamento propón o seguinte procedemento cualificador:

- As dúas probas escritas que se realicen en cada avaliación en Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas II de 2º de bacharelato estarán ponderadas nun 30% e 70%, respectivamente, ao incluír o segundo parcial de novo os contidos do primeiro. No caso dunha única proba, a nota será o 100%.
- A media ponderada das cualificacións dos parciais que se fagan nunha determinada avaliación será a cualificación desa avaliación, podendo o profesor aplicar redondeo baseándose no traballo diario, actitude, participación, tarefas,... do alumno/a) e determinará que alumnado aproba (media non inferior a 5) e que alumnado suspende (media inferior a 5).
- O alumnado que suspenda unha avaliación terá que seguir o correspondente programa de recuperación e deberá presentarse a proba escrita que porá fin a dito programa. A cualificación desa proba escrita determinará que alumnado recupera dita avaliación (cualificación non inferior a 5) e que alumnado continúa sen recuperala (cualificación inferior a 5).

A estas recuperacións poderanse presentar alumnos xa aprobados para subir a nota da avaliación.

A nota da avaliación será a maior entre as notas obtidas na avaliación parcial e na recuperación.

# Criterios de calificación en 1º ESO:

## Criterios de cualificación:

### EXAMES E AVALIACIÓNS PARCIAIS

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 80% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada das probas escritas. O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes ao Bloque 6, presentes en cada unidade, que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

Para superar a avaliación parcial a nota debe ser maior ou igual que 5 sobre 10 (\*).

### AVALIACIÓN FINAL

A nota final do curso calcularase en dúas etapas:

Primeira etapa:

Calcúlase a media das notas das avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira).

Segunda etapa:

Se a media anterior é igual ou superior a 5 sobre 10, a cualificación final da/a alumna/o será a antedita media.

Se a media anterior é menor que 5 sobre 10, a/o alumna/o, deberá presentarse a un exame final (diferenciado por avaliacións) onde poderá recuperar a/as avaliación/s que non fosen aprobadas con anterioridade. Unha vez feito este exame considérase que a nota de cada avaliación (primeira, segunda e terceira) é a maior entre as notas obtidas da avaliación parcial e recuperación. Chegado a este caso a cualificación final de curso é a media das notas das avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira). Considerarase que a materia está aprobada cando a antedita nota media sexa igual ou superior a 5 sobre 10 (\*).

(\* ) OBSERVACIÓN:

Tal e como indica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no Título II. Artigo 31 Actas de avaliación:

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «insuficiente» (IN) para as cualificacións negativas, e «suficiente» (SU), «ben» (BE), «notable» (NT) ou «sobresaliente» (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Para calcular este número natural usarase o truncamento ás unidades nas avaliacións parciais; e, na avaliación final, usarase o redondeo ás unidades.

## CASOS PARTICULARES DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Cando unha/un alumna/o falta de xeito xustificado a unha proba de avaliación, o/a profesor/a da materia determinará o procedemento e o momento para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes á devandita proba, procurando sempre facilitar a reincorporación da/o alumna/o ao ritmo normal da clase. Noutras palabras, o/a profesor/a decidirá que procedemento de avaliación é o mellor para garantir a continuidade da avaliación da/o alumna/o. Así, pódese avaliar a/o alumna/o cunha proba semellante á que realizou o grupo, cun procedemento de avaliación distinto para os mesmos estándares ou unificando o contido da proba realizada con outro instrumento de avaliación previsto para máis adiante.

Se a falta se produce de forma inxustificada, entenderase que a/o alumna/o renuncia a dar conta da súa competencia en relación cos estándares avaliados pola proba e, polo tanto, a cualificación da proba será a que corresponda a un exame en branco ou non presentado. Continuarase co proceso de avaliación segundo o establecido na programación.

No caso de que a falta sexa por unha temporada longa, de maneira xustificada, o/a titor/a encargarse de coordinar a temporalización das probas ás que faltara a/o alumna/o coa xunta de avaliación, para evitar a coincidencia de moitas probas no mesmo día.

No suposto de que, por falta de tempo (por unha incorporación tardía ao centro ou por unha ausencia prolongada), non sexa posible aplicar os criterios e procedementos previstos na programación, aplicarase o procedemento de avaliación extraordinario\* determinado nesta programación didáctica para estes casos; co fin de que a/o alumna/o poida demostrar que acadou o grao suficiente de adquisición das competencias e que superou os obxectivos previstos. Se a imposibilidade de aplicar a avaliación continua afecta a varias materias, o/a titor/a coordinará a temporalización destes procedementos de avaliación coa xunta de avaliación.

\*O procedemento de avaliación extraordinario, segundo a data de incorporación, consiste en:

Se a incorporación se produce xa comezada a primeira avaliación, a/o alumna/o será avaliada/o dos contidos dados a partir da súa incorporación axustando as porcentaxes, de ser o caso, nesa avaliación.

Pola contra, se a incorporación ocorre xa comezada a segunda ou terceira avaliación, a nota da avaliación en curso farase tendo en conta so os contidos dados a partir da data de incorporación; axustando as porcentaxes, de ser o caso, nesa avaliación. E, para o cálculo da nota final de curso teranse en conta as notas que constan no expediente das avaliacións anteriores máis as notas das avaliación feitas xa no centro.

### **Criterios de recuperación:**

Cada alumna/o que non supere a 1ª ou 2ª avaliación terá a oportunidade de recuperala preferiblemente ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 puntos significará que esa avaliación estará superada. A esta proba de recuperación poderanse presentar alumnos xa aprobados para subir a nota.

O alumnado que non supere a 3ª avaliación parcial terá unha proba de recuperación desta case ao final desa terceira avaliación. Para recuperar a avaliación a nota dese exame debe ser igual ou superior a 5 sobre 10.

# Criterios de calificación en 2º ESO:

## Avaliacións parciais

A avaliación do aprendizaxe será continua, con tres avaliacións parciais que se corresponden aproximadamente con un trimestre cada unha, no seu desenvolvemento distinguiremos as seguintes fases:

1. Unha avaliación inicial (non necesariamente escrita) que ten fundamentalmente dous obxectivos: por unha parte, coñecer que alumnado presenta deficiencias na materia e de que tipo; e, por outra, propoñer medidas de reforzo ou de apoio para aquel alumnado que as precisen.

2. Tres avaliacións parciais, ao final das cales se determinará que alumnado aproba (e como aproba) a parte da materia impartida ata ese momento e que alumnado a suspende por non superar os mínimos esixibles para a súa superación.

En cada avaliación faranse un mínimo de dous exames, preferiblemente escritos, e neles serán avaliados os estándares que lle corresponden ás unidades das que se examinan.

Os estándares que se avalían mediante exame terán un peso do 80% da cualificación e o 20 % restante serán para os estándares que se avalían por observación na aula. Deste xeito:

A nota da avaliación parcial é a media das notas obtidas nos exames que nelas se realizaron que teñen un peso do 80% máis a nota correspondente aos estándares que se avalían por observación que teñen un peso do 20%. Para superar a avaliación parcial, a súa nota debe ser maior ou igual que 5 sobre 10. (\*)

3. Unha recuperación de cada avaliación 1ª, 2ª e 3ª Esta proba de recuperación consiste nun exame, a poder ser, escrito, cuxa data fixará o profesor ou profesora. Debese ter en conta que:

- Para recuperar a avaliación a nota dese exame debe ser igual ou superior a 5 sobre 10.
- A estas recuperacións poderanse presentar alumnos xa aprobados para subir nota da avaliación.
- A nota de cada avaliación (primeira, segunda e terceira) é a maior entre as notas

obtidas da avaliación parcial e recuperacións.

4. Unha avaliación ordinaria, que se realizará nunha data fixa polo profesor ou profesora, consistente nun exame, a poder ser, escrito. Este exame estará diferenciado por avaliacións, onde os alumnos poden recuperar as avaliacións que non fosen aprobadas. Para recuperar a avaliación ou avaliacións, nese exame final, o alumno debe de obter unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 nas avaliacións ás que se presente.

### (\*) OBSERVACIÓN:

Para calcular este número natural usarase o truncamento ás unidades.

## Avaliación final

A nota de final de curso calcularase tendo en conta as indicacións do apartado seguinte.

Criterios de cualificación

## Avaliacións parciais

Nesta programación xa se especificaron os estándares por unidade. Se por falta de tempo ou por calquera outra causa, non se dera algúns dos estándares, a ponderación establecida na unidade sufriría una modificación que reflectiríamos ao final do curso na correspondente memoria de departamento.

Exames e avaliacións parciais:

En cada avaliación faranse un mínimo de dous exames, preferiblemente escritos sobre a materia impartida nesa avaliación, e neles serán avaliados os contidos que lle corresponden ás unidades das que se examinan. Os estándares que se avalían mediante exame (PEX) terán un peso do 80% da cualificación e o 20 % restante serán para a observación na aula (OBS).

A nota da avaliación parcial é a nota obtida ao sumar o 80% dos exames máis o 20% da observación na aula. Para superar a avaliación parcial, a súa nota debe ser maior ou igual que 5 sobre 10.

Os alumnos que non superen a 1ª ou 2ª avaliación parcial terán unha proba de recuperación desta preferiblemente ao comezo da seguinte avaliación. Esta proba de recuperación consiste nun exame, a poder ser, escrito. Para recuperar a avaliación a nota dese exame debe ser igual ou superior a 5 sobre 10. A esta proba de recuperación poderanse presentar alumnos xa aprobados para subir a nota.

Os alumnos que non superen a 3ª avaliación parcial terán unha proba de recuperación desta case ó final desa terceira. Para recuperar a avaliación a nota dese exame debe ser igual ou superior a 5 sobre



## Avaliación final

### A cualificación final de curso calcularase en dúas

#### etapas : Primeira etapa:

Calculase a media das notas das avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira).

#### Segunda etapa:

Se a media anterior é igual ou maior que 5 sobre 10. A cualificación final do alumno será a suma da antedita media máis a valoración das tarefas feitas polo alumno na aula durante o período que vai dende o final da terceira avaliación ata a avaliación final da ESO. A valoración destas tarefas será como máximo dun 0,75.

Se a media anterior é menor que 5 sobre 10. O alumno, deberá presentarse a un exame final (diferenciado por avaliacións) onde o alumno pode recuperar calquera avaliación ou avaliacións que non fosen aprobadas con anterioridade. Unha vez feito este exame considérase que nota de cada avaliación (primeira, segunda e terceira) é a maior entre as notas obtidas da avaliación parcial e recuperacións. Chegado a este caso a cualificación final de curso é a media das notas das avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira). Considerarase que a materia está aprobada cando a antedita nota media sexa igual ou maior que 5 sobre 10 (\*).

#### (\*) OBSERVACIÓN:

Para calcular este número natural usarase o truncamento ás unidades.

## Casos particulares

De acordo coa normativa, aplicaranse os procedementos previstos nas programacións didácticas para a avaliación continua de todo o alumnado.

Ψ Cando un alumno falte de xeito xustifico a unha proba de avaliación, o profesor da materia determinará o procedemento e o momento para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes á devandita proba, procurando sempre facilitar a reincorporación do alumno ó ritmo normal da clase. Noutras palabras, o profesor decidirá que procedemento de avaliación é o mellor para garantir a continuidade da avaliación do alumno: pódese avaliar ó alumno cunha proba semellante á que realizaron os seus compañeiros; pódese arbitrar un procedemento de avaliación distinto para os mesmos estándares ou ben pódese considerar máis axeitada unificar o contido da proba realizada co de outro instrumento de avaliación previsto para máis adiante.

Ψ Cando un alumno falte de xeito inxustifico a unha proba de avaliación, entenderase que renuncia a dar conta da súa competencia en relación cos estándares avaliados pola proba e, polo tanto, a cualificación da proba será a que corresponda a un exame en branco ou non presentado. Continuarase co proceso de avaliación segundo o establecido na programación.

Ψ No caso de que un alumno falte durante unha temporada longa e perda varias probas de avaliación, o titor encargarase de coordinar a temporalización destas probas coa xunta de avaliación, para evitar a coincidencia de moitas delas no mesmo día.

No suposto de que, por falta de tempo (por unha incorporación tardía ó centro ou por unha ausencia longa), non sexa posible aplicar os criterios e procedementos previstos na programación, o profesor da materia aplicará o procedemento de avaliación extraordinario que teña determinado na programación didáctica para estes casos, co fin de que o alumno poida demostrar que acadou o grao suficiente de adquisición das competencias e que superou os obxectivos previstos. Se a imposibilidade de aplicar a avaliación continua afecta a varias materias, o titor coordinará a temporalización destes procedementos de avaliación coa xunta de avaliación.

## Criterios de promoción

Son os criterios para a superación da materia, obviamente para a promoción de curso será o centro e a través do equipo docente nas sesións de avaliación os que decidirán a promoción atendendo sempre e en todo caso á normativa vixente. (artigo 23 do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma*) de Galicia.

# Criterios de calificación en 3º ESO:

## Criterios de cualificación:

### EXAMES E AVALIACIÓNS PARCIAIS

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas, preferiblemente escritas, cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 80% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética ou ponderada das probas escritas. O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes ao Bloque 6 presentes en cada unidade cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

Para superar a avaliación parcial a nota debe ser maior ou igual que 5 sobre 10(\*)

### AVALIACIÓN FINAL

A nota final do curso calcularase en dúas etapas: Primeira etapa:

Calcúlase a media das notas das avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira).

Segunda etapa:

Se a media anterior é igual ou maior que 5 sobre 10. A cualificación final do alumno será esa media.

Se a media anterior é menor que 5 sobre 10. O alumno, deberá presentarse a un exame final (diferenciado por avaliacións) onde o alumno pode recuperar calquera avaliación ou avaliacións que non fosen aprobadas con anterioridade. Unha vez feito este exame considérase que nota de cada avaliación (primeira, segunda e terceira) é a maior entre as notas obtidas da avaliación parcial e recuperacións. Chegado a este caso a cualificación final de curso é a media das notas das avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira). Considerarase que a materia está aprobada cando a antedita nota media sexa igual ou maior que 5 sobre 10 (\*).

(\*) OBSERVACIÓN:

Tal e como indica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no Título II. Artigo 31 Actas de avaliación:

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «insuficiente» (IN) para as cualificacións negativas, e «suficiente» (SU), «ben» (BE), «notable» (NT) ou «sobresaliente» (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Para calcular este número natural usarase o truncamento ás unidades, para as avaliacións parciais e usarase o redondeo para a avaliación final.

### CASOS PARTICULARES CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Cando un alumno falte de xeito xustificadamente a unha proba de avaliación, o profesor da materia determinará o procedemento e o momento para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes á devandita proba, procurando sempre facilitar a reincorporación do alumno ó ritmo normal da clase. Noutras palabras, o profesor decidirá que procedemento de avaliación é o mellor para garantir a continuidade da avaliación do alumno: pódese avaliar ó alumno cunha proba semellante á que realizaron os seus compañeiros; pódese arbitrar un procedemento de avaliación distinto para os mesmos estándares ou ben pódese considerar máis axeitada unificar o contido da proba realizada co de outro instrumento de avaliación previsto para máis adiante.

Cando un alumno falte de xeito inxustificado a unha proba de avaliación, entenderase que renuncia a dar conta da súa competencia en relación cos estándares avaliados pola proba e, polo tanto, a cualificación da proba será a que corresponda a un exame en branco ou non presentado. Continuarase co proceso de avaliación segundo o establecido na programación.

No caso de que un alumno falte durante unha temporada longa e perda varias probas de avaliación, o titor encargarse de coordinar a temporalización destas probas coa xunta de avaliación, para evitar a coincidencia de moitas delas no mesmo día.

No suposto de que, por falta de tempo (por unha incorporación tardía ó centro ou por unha ausencia longa), non sexa posible aplicar os criterios e procedementos previstos na programación, o profesor da materia aplicará o procedemento de avaliación extraordinario\* que teña determinado na programación didáctica para estes casos, co fin de que o alumno poida demostrar que acadou o grao suficiente de adquisición das competencias e que superou os obxectivos previstos. Se a imposibilidade de aplicar a avaliación continua afecta a varias materias, o titor coordinará a temporalización destes procedementos de avaliación coa xunta de avaliación.

\*Este procedemento de avaliación extraordinario, dependendo da data de incorporación, consiste en:

Se o alumno se incorpora xa comenzada a primeira avaliación, avaliaráselle dos contidos dados a partir da súa incorporación, axustando as porcentaxes, de ser o caso, nesa avaliación.

Se o alumno se incorpora xa comezada a segunda ou terceira avaliación, teráselle en conta as notas que constan no seu expediente das avaliacións pasadas para o cálculo da nota final de curso pero para a nota da avaliación na que se incorpora, avaliaráselle dos contidos dados a partir da data da súa incorporación, axustando as porcentaxes, de ser o caso, nesa avaliación.

#### **Criterios de recuperación:**

Os alumnos que non superen a 1º ou 2º avaliación parcial terán unha proba de recuperación desta preferiblemente ao comezo da seguinte avaliación. Esta proba de recuperación consiste nun exame, a poder ser, escrito. A esta proba de recuperación poderanse presentar alumnos xa aprobados para subir a nota.

Os alumnos que non superen a 3º avaliación parcial terán unha proba de recuperación desta case ó final desa terceira avaliación.

Para recuperar a avaliación a nota dese exame debe ser igual ou superior a 5 sobre 10.

# Crterios de calificación en 4º ESO:

## Avaliacións parciais

A avaliación do aprendizaxe será continua, con tres avaliacións parciais que se corresponden aproximadamente con un trimestre cada unha, no seu desenvolvemento distinguiremos as seguintes fases:

1. Unha avaliación inicial (non necesariamente escrita) que ten fundamentalmente dous obxectivos: por unha parte, coñecer que alumnado presenta deficiencias na materia e de que tipo; e, por outra, propoñer medidas de reforzo ou de apoio para aquel alumnado que as precisen.

2. Tres avaliacións parciais, ao final das cales se determinará que alumnado aproba (e como aproba) a parte da materia impartida ata ese momento e que alumnado a suspende por non superar os mínimos esixibles para a súa superación.

En cada avaliación faranse un mínimo de dous exames, preferiblemente escritos, e neles serán avaliados os estándares que lle corresponden ás unidades das que se examinan.

Os estándares que se avalían mediante exame terán un peso do 90% da cualificación e o 10 % restante serán para os estándares que se avalían por observación na aula. Deste xeito:

A nota da avaliación parcial é a media das notas obtidas nos exames que nelas se realizaron que teñen un peso do 90% máis a nota correspondente aos estándares que se avalían por observación que teñen un peso do 10%. Para superar a avaliación parcial, a súa nota debe ser maior ou igual que 5 sobre 10. (\*)

3. Unha recuperación de cada avaliación 1ª, 2ª e 3ª Esta proba de recuperación consiste nun exame, a poder ser, escrito, cuxa data fixará o profesor ou profesora. Debese ter en conta que:

- Para recuperar a avaliación a nota dese exame debe ser igual ou superior a 5 sobre 10.
- A estas recuperacións poderanse presentar alumnos xa aprobados para subir nota da avaliación.
- A nota de cada avaliación (primeira, segunda e terceira) é a maior entre as notas obtidas

da avaliación parcial e recuperacións.

4. Unha avaliación ordinaria, que se realizará nunha data fixa polo profesor ou profesora, consistente nun exame, a poder ser, escrito. Este exame estará diferenciado por avaliacións, onde os alumnos poden recuperar as avaliacións que non fosen aprobadas. Para recuperar a avaliación ou avaliacións, nese exame final, o alumno debe de obter unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 nas avaliacións ás que se presente.

(\*) OBSERVACIÓN:

Para calcular este número natural usarase o truncamento ás unidades.

## Avaliación final

A nota de final de curso calcularase tendo en conta as indicacións seguintes.

## Avaliacións parciais

A experiencia demostra que non é doado establecer un calendario rigoroso de exames na materia de Matemáticas.

Nesta programación xa se especificaron os estándares por unidade. Se por falta de tempo ou por calquera outra causa, non se dera algúns dos estándares, a ponderación establecida na unidade sufriría una modificación que reflectiríamos ao final do curso na correspondente memoria de departamento.

### Exames e avaliacións parciais:

En cada avaliación faranse un mínimo de dous exames, preferiblemente escritos sobre a materia impartida nesa avaliación, e neles serán avaliados os contidos que lle corresponden ás unidades das que se examinan. Os estándares que se avalían mediante exame (PEX) terán un peso do 90% da cualificación e o 10 % restante serán para a observación na aula (OBS).

A nota da avaliación parcial é a nota obtida ao sumar o 90% dos exames mais o 10% da observación na aula. Para superar a avaliación parcial, a súa nota debe ser maior ou igual que 5 sobre 10.

Os alumnos que non superen a 1ª ou 2ª avaliación parcial terán unha proba de recuperación desta preferiblemente ao comezo da seguinte avaliación. Esta proba de recuperación consiste nun exame, a poder ser, escrito. Para recuperar a avaliación a nota dese exame debe ser igual ou superior a 5 sobre 10. A esta proba de recuperación poderanse presentar alumnos xa aprobados para subir a nota.

Os alumnos que non superen a 3ª avaliación parcial terán unha proba de recuperación desta case ó final desa terceira. Para recuperar a avaliación a nota dese exame debe ser igual ou superior a 5 sobre 10.

## **Avaliación final**

### **A cualificación final de curso calcularáse en dúas**

#### **etapas : Primeira etapa:**

Calcúlase a media das notas das avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira).

#### **Segunda etapa:**

Se a media anterior é menor que 5 sobre 10. O alumno, deberá presentarse a un exame final (diferenciado por avaliacións) onde o alumno pode recuperar calquera avaliación ou avaliacións que non fosen aprobadas con anterioridade. Unha vez feito este exame considérase que nota de cada avaliación (primeira, segunda e terceira) é a maior entre as notas obtidas da avaliación parcial e recuperacións. Chegado a este caso a cualificación final de curso é a media das notas das avaliacións parciais (primeira, segunda e terceira). Considerarase que a materia está aprobada cando a antedita nota media sexa igual ou maior que 5 sobre 10 (\*).

Se a media anterior é igual ou maior que 5 sobre 10. A dita proba escrita de recuperación, tamén poderá presentarse calquer alumno que queira subir nota, sendo voluntario o entregar dito exame ao finalizar. Conservando a maior das notas obtidas.

#### **(\*) OBSERVACIÓN:**

Para calcular este número natural usarase o truncamento ás unidades.

# Criterios de calificación en Matemáticas aplicadas ás CC.SS. I

## Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 90% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas. O 10% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 11 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula.
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións.

## Criterios de recuperación:

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

Cada alumna/o que teña algunha avaliación suspensa e non superase o curso na avaliación ordinaria deberá realizar tarefas de recuperación no período que segue á dita avaliación ordinaria. Estas tarefas serán avaliadas cun 10%. Haberá tamén unha proba escrita cos contidos traballados ao longo do curso que son obxecto de reforzo nese período na aula e que terá un valor do 90%.

# Criterios de calificación en Matemáticas I

## Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 90% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas. O 10% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 11 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

A nota final do curso obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións.

## Criterios de recuperación:

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.

Cada alumna/o que teña algunha avaliación suspensa e non superase o curso na avaliación ordinaria deberá realizar tarefas de recuperación no período que segue á dita avaliación ordinaria. Estas tarefas serán avaliadas cun 10%. Haberá tamén unha proba escrita cos contidos traballados ao longo do curso que son obxecto de reforzo nese período na aula e que terá un valor do 90%.

# Criterios de calificación en Matemáticas 2º BACHARELATO

## **Cálculo para obter a cualificación final de curso en 2º de BACHARELATO:**

- Farase unha media aritmética coas 3 notas obtidas nas probas escritas correspondents ás 3 avaliacións. Para superar a materia, esta media debe ser igual ou superior a 5 sobre 10.
- En caso de que a media sexa inferior a 5, poderá recuperar a materia coa realización dunha proba escrita global de todos os contidos do curso.
- A dita proba escrita tamén poderá presentarse calquer alumno que queira subir nota, sendo voluntario o entregar dito exame ao finalizar.

Proba extraordinaria para bacharelato.

- O alumnado que non promocioe na avaliación final ordinaria terá que seguir o programa de recuperación para a materia e deberá presentarse á proba escrita que pon fin ao programa, na convocatoria extraordinaria, e que se cualificará cun máximo de 10 puntos. Promocionará agora o alumnado que obteña nesta proba unha cualificación non inferior a 5. Para acadar unha avaliación extraordinaria positiva, só se terá en conta a cualificación desta proba escrita.

# Criterios de calificación Proxecto competencial 1º ESO

## Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo coa recompilación da información solicitada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información solicitada.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

## Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere de adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

# Criterios de calificación Proxecto competencial 3º ESO

## Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación dun informe co plan de traballo. Escolla do tema e xustificación.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do informe de traballo coa procura de información. Vídeos, entrevistas, información recompilada e arquivada...
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño calcularase atendendo ao peso das tres unidades da materia. Polo tanto,

Nota Final = 0.20\* (Nota 1ª avaliación) + 0.35\*(Nota 2ª avaliación) + 0.45\*(Nota 3ª avaliación)

Se a media anterior é menor que 5 sobre 10, a alumna ou o alumno, deberá presentarse a un exame final (descrito nos criterios de recuperación). A nota deste exame considérase que é a cualificación final de curso. Considerarase que a materia está aprobada cando a antedita nota sexa igual ou superior a 5 sobre 10 (\*).

## (\* ) OBSERVACIÓN:

Tal e como indica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no Título II. Artigo 31 Actas de avaliación: Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de «insuficiente» (IN) para as cualificacións negativas, e «suficiente» (SU), «ben» (BE), «notable» (NT) ou «sobresaliente» (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:



Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

Para calcular este número natural usarase o truncamento ás unidades nas avaliacións parciais e usarase o redondeo na nota final.

#### CASOS PARTICULARES DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN

No suposto de que, por falta de tempo (por unha incorporación tardía ao centro ou por unha ausencia prolongada), non sexa posible aplicar os criterios e procedementos previstos na programación, aplicarase o procedemento de avaliación extraordinario\* determinado nesta programación didáctica para estes casos; co fin de que a alumna ou alumno poida demostrar que acadou o grao suficiente de adquisición das competencias e que superou os obxectivos previstos. Se a imposibilidade de aplicar a avaliación continua afecta a varias materias, o titor ou titora coordinará a temporalización destes procedementos de avaliación coa xunta de avaliación.

\*O procedemento de avaliación extraordinario, segundo a data de incorporación, consiste en:

Se a incorporación se produce xa comezada a primeira avaliación, a alumna ou alumno incorporárase a un dos grupos de traballo xa formado e será avaliada/o dos contidos traballados a partir da data de incorporación. A profesora da materia determinará o procedemento e o momento para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes a dita avaliación, procurando sempre facilitar a reincorporación da/o alumna/o ao ritmo normal da clase. Noutras palabras, a profesora decidirá que procedemento de avaliación é o mellor para garantir a continuidade da avaliación da/o alumna/o. Así, pódese avaliar a/o alumna/o cunha proba escrita, cun procedemento de avaliación distinto para os mesmos estándares ou coma ao resto de alumnado.

Pola contra, se a incorporación ocorre xa comezada a segunda ou terceira avaliación, a nota da avaliación en curso farase tendo en conta o traballo feito a partir da súa data de incorporación (co mesmo procedemento que se se incorporara na primeira avaliación). E, para o cálculo da nota final de curso teranse en conta as notas que constan no seu expediente, das avaliacións anteriores, máis as notas das avaliación feitas xa no centro.

#### **Criterios de recuperación:**

No caso de que unha alumna ou un alumno non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita. A cal constará de distintas preguntas tipo test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente.

De igual xeito, no caso de que unha alumna ou un alumno teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas tipo test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.

## **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

Segundo o apartado 3) do artigo 23º do Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o alumnado da ESO que promocióne ao curso seguinte coas Matemáticas pendentes seguirá o programa de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes a ditos programas de reforzo. Por outra parte, o último parágrafo do apartado 2c do referido artigo establece que na ESO as materias coa mesma denominación en diferentes cursos considéranse como materias distintas. Do anterior dedúcese que na ESO a avaliación da materia pendente é totalmente independente da materia do propio curso.

En canto ao Bacharelato, do contido do apartado 1) do artigo 35º do citado Decreto 68/2015, dedúcese que o Departamento de Matemáticas deberá organizar actividades de recuperación e avaliación para o alumnado de Bacharelato que promocióne a 2º coas Matemáticas pendentes. Convén precisar ao respecto que, de acordo co tenor do artigo 36º do mesmo Decreto, a superación das Matemáticas II (Matemáticas aplicadas II) estará condicionada a superación das Matemáticas I (Matemáticas aplicadas I) ao tratarse de materias entre as cales hai continuidade.

Na ESO:

O Profesorado prestará, en cada grupo, especial atención ós alumnos que teñen a materia pendente do curso anterior, facilitándolle material de reforzo e orientando a labor de recuperación. Para realizar o seguimento, o profesor entregará boletíns de exercicios da materia a recuperar.

Para a avaliación destes alumnos, establécense dúas opcións:

Facer dous exames parciais, un en decembro e outro en marzo, (coincidindo coas avaliacións 1ª e 2ª) elaborados tendo en conta os criterios de avaliación correspondentes ó curso anterior e no que entraran contidos de tódolos bloques. Se aproban os dous parciais, quedará aprobada a materia, de non ser así, terán unha convocatoria en xuño (3ª avaliación) para recuperala, na cal estarán liberados, se é o caso, da materia do parcial que teñan superado.

·O alumnado que non logre superar a materia pendente despois do proceso referido, terá oportunidade de facelo nun exame global extraordinario na avaliación final de xuño.

· Tendo en conta o carácter cíclico do currículo, aqueles alumnos que acaden avaliación positiva no curso no que están matriculados e que sigan con regularidade e aproveitamento as actividades de recuperación, terán superada a materia pendente. A cualificación outorgada será a media do curso actual.

No Bacharelato.

O Departamento porá a disposición destes alumnos follas de actividades por cada un dos bloques temáticos de primeiro curso, co fin de que dispoñan de recursos para recuperar a materia mediante o seu traballo persoal.

A cualificación destes alumnos farase mediante dúas probas parciais elaboradas segundo os mesmos criterios de avaliación do curso anterior. Se aproban os dous parciais, un en decembro e outro en marzo, quedará aprobada a materia, de non ser así, terán unha convocatoria en maio para recuperala, na cal estarán liberados, se é o caso, da materia do parcial que teñan superado.

## **MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE MATEMÁTICAS PARA OS CURSOS 2º ESO E 4º ESO PARA O CURSO 2022/2023 (6 marzo de 2023)**

Conforme á ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde de 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, os cambios na programación de Matemáticas para os cursos 2º e 4º da ESO son os seguintes:

Para 2º ESO:

- Non cambia a temporalización pois nas dúas últimas semanas farase igual repaso.
- Elimínase o apartado 9.2 ( que era a metodoloxía das últimas semanas)
- A nota final do curso é a media das avaliacións ( nota redondeada), si a media é suspenso recuperará nun exame diferenciado por avaliación.

Para 4º ESO:

- Non cambia a temporalización pois nas dúas últimas semanas farase repaso.
- A nota final do curso é a media das avaliacións ( nota redondeada), si a media é suspenso recuperará nun exame diferenciado por avaliación.

O cambio mais significativo na programación é o cambio de truncamento polo redondeo.

Os cambios nos cursos 1º ESO, 3º ESO, e 1º BACHARELATO, quedan modificados na aplicación PROENS, e polo tanto xa están reflexados nos criterios anteriores para ditos cursos

Firmado a xefa de departamento:

Carmen Sánchez Pérez